

nais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Para os efectos do establecido no artigo 14.1º m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a existencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 17 de novembro de 2009 pola que se amplía o crédito orzamentario da Orde do 17 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, financiadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2009.

A Orde do 17 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en

réxime de concorrència competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros financiadas co Fondo Europeo de Pesca e se convocan para o exercicio 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril) establece no seu artigo 4 que os importes fixados en cada convocatoria se poderá ampliar sen que iso dea lugar a un novo prazo de presentación de solicitudes.

O contexto da situación económica do sector pesqueiro, a demanda de solicitudes para acollerse ás devanditas axudas e a existencia de remanente de fondos existentes, xustifican incrementar o crédito da devandita orde de feito que permita chegar as axudas a un maior número de beneficiarios.

Considerando todo o dito anteriormente é polo que cómpre ampliar o importe da contía máxima das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 sen que iso dea lugar a un novo prazo de presentación de solicitudes.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Amplíase o importe do crédito máximo de concesión das axudas ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 en 321.464 euros, con cargo á aplicación 50.02.723A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 24 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio do proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1.

A orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de xullo de 2008, (DOG número 144, do 28 de xullo) pola que se convoca o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo superior da Administra-